



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE MARZO DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
(Intervención telemática)	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
(Escusa asistencia)	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
(Intervención telemática)	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (28/02/2023).

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 28/02/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2022.

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2022, aprobada por resolución da alcaldía núm. 140/2023 do 27.02.2023 (Expdte. 2023/G003/000134) que se transcribe a continuación:

**“Asunto: Aprobación da liquidación do orzamento do exercicio económico 2022
Expediente: 2023/G003/000134.**

Antecedentes:

Consta no expediente 2023/T019/000001

- Providencia da alcaldía do 21 de febreiro de 2023 de incoación do procedemento para a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2022.

- Informe da secretaría do 27 de febreiro de 2023 en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

- Informe da intervención do 27 de febreiro de 2023, de conformidade co esixido no artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que incorpora os seguintes anexos:

Anexo I “Estado de liquidación do orzamento de gastos”

Anexo II “Estado de liquidación do orzamento de ingresos”



Anexo III “Resultado orzamentario”

Anexo IV “Remanentes de crédito”

Anexo V “Estado do remanente de tesouraría”

- Informe da intervención do 27 de febreiro de 2023 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do cumprimento da regra de gasto e da débeda pública.

Fundamentos xurídicos.

De conformidade cos artigos 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, *o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesouraría Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.*

A vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos, en base as atribucións que me outorga a lexislación vixente:

RESOLVO

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2022 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade:

- Resultado orzamentario axustado positivo o de 203.041,01 euros, o que supón unha situación de superávit derivada da execución do orzamento do exercicio 2022.

- Remanente de tesourería para gastos xerais negativo de - 911.386,75 € o que amosa unha falta de capacidade económica (liquidez) para facer fronte as obrigas contraídas

- Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.

- Cumprimento do obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.

- Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro: Remitir copia da mesma a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas entidades locais, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Presidencia di que poden chamar a atención de datos como que sexa un resultado orzamentario positivo de 203.000 € e un remanente de tesourería negativo de – 911.000 €.



O remanente de tesourería para gastos xerais negativo, aínda que formalmente figuran – 911.000 €, realmente é similar ao do ano pasado, arredor duns – 500.000 €. Isto é porque no resultado orzamentario constan todos os ingresos e todos os gastos que se xeran nese ano, pero no que é o remanente de tesourería hai gastos que están ao 100% executados nese ano, pero os ingresos correspondentes non están incluídos nese ano porque aínda non se cobraron. Polo tanto non computan nese ano, senón no seguinte; co cal o resultado orzamentario do 2023 vai ser diametralmente oposto xa que vai haber unha baixada grande do remanente de tesourería negativo porque vai computar o ingreso e non o gasto que xa foi feito no ano 2022.

Esa diferenza vén proporcionada polas subvencións do IDAE nas que hai que facer todo o gasto adiantando os cartos e unha vez xustificado é cando fan os ingresos e por iso causa tensións de tesourería importantes a todos os concellos. A inversión no pavillón e na gardería, preto de 400.000 € é a que causa a tensión de tesourería.

Evidentemente os – 500.000 € de remanente de tesourería non é unha boa noticia, pero é un mal endémico dende hai moitos anos. A situación económica de alza de custes, prezos, manter os servizos non axuda e de aí a razón de ser das pólizas de crédito para compensar esa falta de liquidez.

A idea e o camiño que van intentar seguir é ir reducindo nos seguintes anos ese remanente negativo real de – 500.000 €.

No orzamento deste ano o ingreso non computa porque xa está computado no orzamento do ano pasado, por iso o resultado é positivo.

O pleno dáse por informado.

3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do PXOM denominada *MP 07 Modificación do solo de núcleo rural para a creación de solo dotacional en San Fins de Sales* (Exp. núm. 2021/U032/000001).

Considerando a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada “MP 07 MODIFICACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL PARA A CREACIÓN DE SOLO DOTACIONAL EN SAN FINS DE SALES”, neste termo municipal, nos termos da documentación técnica redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto. Expediente municipal número 2021/U032/000001.

A modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O expediente foi sometido á consideración da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático que formulou o informe ambiental estratéxico sobre esta modificación o 18/02/2022, resolvendo que non se somete ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

O proxecto da modificación puntual foi aprobado inicialmente polo pleno da Corporación en sesión de data 27/07/2022, logo da tramitación correspondente, e sometido a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra, no DOG número 176 de data 15/09/2022 e no xornal La Voz de Galicia de data 26/08/2022.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Durante o período de información pública non se achegaron alegacións, tal e como consta na certificación emitida por esta secretaría e incorporada ao expediente administrativo.

Nesta fase da tramitación recibíronse os seguintes informes sectoriais:

- Do Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, RXE número 202290000001098.
- Da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Ordenación dos Servizos de Comunicación Audiovisual, Área de Administracións Públicas,, RXE número 202290000001073.
- Do Servizo de Urbanismo, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Delegación Territorial de A Coruña, RXE número 202200000001695, resultado do trámite de audiencia aos concellos limítrofes.
- Do Servizo de Urbanismo, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Delegación Territorial de A Coruña, RXE número 202200000001696, resultado do trámite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, resultando a emisión dos informes do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación do 6/09/2022; Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26/10/2022; Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 15/11/2022; informe de Augas de Galicia do 29/11/2022. PTU-AC 2022 001.

Con data do 01/03/2023 elabórase a proposta final da modificación puntual en trámite, dando cumprimento ao requirido nos informes sectoriais. Código: 15089_MP07PXOM_202303_AP.

Con data do 08/03/2023 emítese informe xurídico.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno do concello, de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Aprobar provisionalmente o proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello denominada “MP 07 MODIFICACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL PARA A CREACIÓN DE SOLO DOTACIONAL EN SAN FINS DE SALES”, neste termo municipal, nos termos da documentación técnica redactada por Fermín González Blanco en calidade de Arquitecto (Expediente municipal número 2021/U032/000001. Código: 15089_MP07PXOM_202303_AP).

SEGUNDO.- Unha vez dilixenciado, elevar o expediente da mencionada modificación puntual do vixente PXOM, xunto coa documentación técnica, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor e incide na necesidade de contactar coa consellería para solicitarlle os fondos para poder comezar a construción.

A Presidencia cre que iso é o interese de todos os grupos. Seguirán loitando e pelexando para que lles financien aos dous concellos o máximo posible e canto antes.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual do PXOM denominada MP 09 Modificación dos núcleos de Ramil, Laraño, Calzande e Gundián (Vedra) (Exp. 2022/U032/000003).



Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 11/08/2022, manifestouse a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada “MP09 MODIFICACIÓN DOS NÚCLEOS DE RAMIL, LARAÑO, CALZANDE E GUNDIÁN (VEDRA)”, nos termos da documentación técnica redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto. Expediente municipal número 2022/U032/000003 .

Considerando que a modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica, a través da resolución do 28/11/2022 pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico da mencionada modificación puntual (publicada no DOG número 3, de data 04/01/2023), e que consta no expediente.

Realizada a tramitación legalmente establecida, solicitáronse e recibíronse os seguintes informes sectoriais:

Solicitáronse e recibíronse os seguintes informes sectoriais:

-RXE número 202290000001092, de ADIF.

-RXE número 202390000000048, do Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, por afeccións da AP53.

-RXE 202390000000068, Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Con data do 10/03/2023 emitíuse informe xurídico.

Visto o contido dos informes e á vista do disposto, entre outras, nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello denominada “MP09 MODIFICACIÓN DOS NÚCLEOS DE RAMIL, LARAÑO, CALZANDE E GUNDIÁN (VEDRA)”, nos termos da documentación técnica, de data 01/03/2023, redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto. Código 15089_MP09PXOM_202303_AI.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello de Vedra, no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de se-lo caso, as alegacións que estimen pertinentes.

TERCEIRO.- Suspende o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación, polo prazo máximo de dous anos.

CUARTO.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que realizará as consultas previas no documento de alcance do estudo ambiental (de se-lo caso), dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos. Ao mesmo tempo o concello solicitará os informes sectoriais que lle correspondan.



A Presidencia di que dentro das operacións de cirurxía do PXOM, de intentar na medida do posible axustarse á realidade do concello e independentemente de que haxa máis modificacións puntuais pendentes de informes previos, no caso concreto de Ramil o obxectivo fundamental é a necesidade de dar unha resposta a unha sentenza do TSXG en relación á finca singular que está clasificada nese lugar coa ordenanza N-3. Consiste na reorganización desa parcela.

No caso de Laraño e Calzande son varias intervencións, fundamentalmente na necesidade de regularizar e incluír dentro das bolsas de expansión de núcleo, no seu momento o PXOM non deixou recollidas vivendas xa feitas ou que se foron facendo posteriormente. Tamén está a modificación sobre dúas vías preexistentes e a súa delimitación como vía pública e tamén se expón a delimitación como vía pública unha situada entre vivendas da parte suroeste do núcleo con ordenanza N-2 e solo rústico de protección forestal con ordenanza N-3, dando asía aliñación ás vivendas situadas nesa zona de núcleo.

Basicamente trátase de incidir e resolver problemas en relación ás vías que non se axustaban ao que viña reflectido no PXOM coa realidade.

Tamén a Lei do solo de Galicia no ano 2010 cambiou a forma de delimitar os núcleos rurais tanto os de orixe como os de expansión. Agora é por densidade e a maioría dos núcleos de Vedra, seguindo esta directriz, terían que reducirse e non se poderían ampliar. Pero no caso de Laraño, debido á gran cantidade de vivendas construídas, propúxose a ampliación de núcleo.

Por outro lado, está tamén a solución a algúns problemas que existían en relación coa chamada “Casa do Sol”, basicamente porque no núcleo víñase delimitando como vía pública, unha vía que en realidade é privada.

Por último, no Gundián o obxecto é simplemente catalogar e protexer o camiño, fundamentalmente a sección, para que non sexa necesario que teña que aplicarse a aliñación de 6 m. en solo rústico.

O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, di que van votar a favor, pero advirte de que se revisen os núcleos nas outras parroquias.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vaise abster, porque se ben si é verdade que deben medrar estes núcleos, pregunta porque non se fai en todas as zonas. Existe un problema grande de poboación e de xente que lle gustaría vivir en Vedra e non pode porque non hai vivenda e cre que isto debería ser máis ambicioso do que é.

A Presidencia replica que estaría encantado de que os 130 núcleos de Vedra se puideran ampliar. Nesta lexislatura iniciouse unha modificación piloto de catro núcleos e atopáronse con que non llos deixaban ampliar por non cumprir a cota de densidade, como demostran os informes técnicos da Xunta, senón que nalgúns casos había que reducilos.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG.

5º.- Aprobación da Ordenanza municipal de Administración Electrónica do Concello de Vedra (Exp. 2023/G013/000001).

A tramitación electrónica instaurase na normativa vixente como forma de xestión e actuación habitual das Administracións Públicas, pois tanto a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establecen na súa exposición de motivos a



obligatoriedade que ten a administración pública de tramitar electronicamente os seus procedementos como forma habitual de actuación. Sen tramitación electrónica dos expedientes administrativos non podería darse ningunha das actuacións e obrigas electrónicas que esixe a normativa actual.

A citada normativa, lei e regulamento, recollen no seu articulado tanto as obrigas que as administracións públicas deben asumir como o modo en que deben facelo, así como os beneficios que iso supón: mellor calidade nos servizos públicos, maior participación cidadá, maior transparencia, eficiencia e simplificación,...etcétera.

Se ben non se trata dunha obriga en si en materia de administración electrónica, é recomendable regular e aprobar unha Ordenanza de Administración Electrónica, na que se recollan todas as obrigas da entidade na materia, así como cuestións de organización.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, propónse ao pleno:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica.

O texto íntegro da mesma figura como Anexo I.

SEGUNDO.- Someter dita ordenanza municipal á información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello por un prazo de 30 días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola corporación.

Ao mesmo tempo publicar o texto da ordenanza na web municipal (www.concellodevedra.es) co obxecto de darlle audiencia ás persoas afectadas e recoller cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e publicarase no taboleiro de anuncios do concello e no BOP.

Ademais estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

A Presidencia di que existe unha obriga de aprobar unha ordenanza municipal sobre a administración electrónica e a que traen a Pleno é a que a mesma Deputación elaborou.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que van votar a favor porque simplifica moito o traballo dos administrativos do concello. Aínda así gustaríalles que se tiveran en conta ás persoas maiores e a aquelas que non poden acceder a medios telemáticos.

A voceira do BNG di que van votar a favor e na mesma ordenanza pon que ten que haber unha oficina aberta para axudar ás persoas maiores.

A Presidencia responde que o persoal do concello de Vedra é un exemplo en atender e axudar persoalmente ás persoas. Está máis que acreditado que o persoal do concello sempre axudou ás persoas que non se defenden coa administración electrónica, faino agora e seguirá facéndoo.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

6º.- Contestación á preguntas formuladas en plenos anteriores.



-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ás opinións sobre o 8 M, di que non as comparte. O feito de que non houbera un manifesto ese día, de feito tampouco a FEGAMP o sacou, non quere dicir que non se organizaran actos en relación ao 8 M (fixose un acto homenaxe, a andaina, etcétera). En calquera caso ao PP e ao grupo de goberno preocúpalles acadar esa igualdade entre homes e mulleres e por suposto loitan e loitarán polos dereitos das mulleres.

2º.- Sobre o acondicionamento de pistas en Quintáns, di que toma nota e ten pendente velo coa apareladora e un representante da asociación de veciños.

3º.- Respecto á reunión con ADIF polo tema de Gundián, di que tiveron una reunión o outro día na Subdelegación do Goberno cos técnicos e membros de ADIF, representantes veciñais, membros do concello e a propia Subdelegada do Goberno. Espera que se poida acadar unha solución consensual boa para todos a pesares da complexidade do tema.

4º.- Sobre a rampla de acceso para discapacitados que están a facer no centro de saúde, di que non ten que ver coa de 200.000 €. Foi a raíz dunha solicitude dun usuario para facilitar o seu acceso.

Están intentando acadar un acordo definitivo entre o persoal sanitario do centro, a Dirección Xeral de recursos económicos do Sergas, os técnicos e o concello sobre o proxecto de reforma integral do centro de saúde, en base aos distintos escenarios que formularon os propios técnicos da Xunta e do Sergas. A última xuntanza que tiveron foi o 15 de marzo no centro de saúde.

Nas próximas semanas e tendo en conta as necesidades presentadas polo propio persoal do centro, os custes económicos e as posibilidades técnicas e urbanísticas, espera acadar o acordo sobre o proxecto a realizar.

O importante é conseguir esa reforma integral do centro de saúde aínda que sexa por fases e poder dar solución ás demandas presentadas de xeito razoable polo propio persoal sanitario do centro.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre por que as facturas de Ferretería El Sol xa non as asina o 1º Tenente de Alcalde e si o segundo, cando está presente o Sr. Costa Carneiro, di que coincidiría on que estaba de Alcalde Accidental o Sr. Costa.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á pista da canteira, di que estiveron co persoal das canteiras vendo as posibles solucións alí mesmo. Tamén van falar cos responsables dos viñedos. Quédalle por falar coa propietaria da parcela lindeira para ver de obter un pouco de terreo (1,5/2 m.) para poder resolver o tema da pista e establecer un paso seguro dos peregrinos por esa zona.

2º.- Sobre o uso do resto de locais de Vedra para realizar actividades sen ser os de Santa Cruz, di que se fan moitas actividades en distintos locais do concello ao longo do ano.

3º.- Respecto a canto custa organizar a Festa da Camelia e cantos ingresos reporta ao concello, di que lle responde no próximo pleno.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre facer unha área en Ponte Ulla, di que Xunta de Galicia a través da Fundación Juana de Vega quere arrombar unha serie de áreas de descanso nos camiños a Santiago. Cando xurdiu



esta idea, o grupo de goberno propuxo un lugar en Vedra para comezar este proxecto piloto. De feito xa confirmaron que o ían facer pero aínda non lle comunicaron os prazos.

Aproveita para comunicar que xa faláron con Fomento para prolongar o paso pola estrada nacional ata arriba de todo.

2º.- Respecto ao cheiro no centro de saúde, di que non lle chegou ningunha noticia diso, nin percibiu nada na reunión que tivo alí o 15 de marzo.

3º.- Sobre a limpeza de zonas e colocación de iluminación pública en Socastro, di que toman nota.

4º.- Respecto á estrada que está ao lado da vía do tren que vai de Socastro a Santa Cruz, di que na reunión na Subdelegación do Goberno recordoullo ao xefe de Galicia responsable do mantemento desas vías. Díxolle que xa o tiñan como prioritario e que xa están coa redacción do proxecto. Recorda que a pista non é do concello, senón deles.

5º.- Sobre os niveis de PFAS en Outeiro, di que Viaqua xa está facendo as análises das augas. Esperan a que cheguen os resultados e despois sacarán conclusións.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Brocos Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á colocación dun falso teito na estación en Santa Cruz, di que toman nota.

7º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta canto custou o programa “A Estación Cultural”.

2º.- Pregunta se xa foi presentado o proxecto complementario do antigo Pazo de Galegos.

3º.- Na Escola Infantil Municipal antes había unha zona cuberta para deixar e recoller os nenos e co cambio de cuberta xa non existe e cando chove móllanse. Solicita que se lle poña remedio a iso.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta en que quedou a polémica que saíu na prensa respecto da Festa da Camelia.

2º.- Pregunta seguen usando a carpa do centro de saúde.

A Presidencia contesta que cada certo tempo lle pregunta aos médicos. O concello en todo momento fixo o que lle indicou o persoal sanitario do centro de saúde. O outro día díxéronlle que xa se podía sacar e así o fixeron.

3º.- Pregunta cal foi o motivo polo que non se realizou o punto de caravanas.

4º.- Pregunta como vai afectar ao concello a Lei de benestar animal en canto á existencia de instalacións axeitadas aos requirimentos da lei.

5º.- Solicita un repaso ás cunetas do concello porque xa medrou moito a herba coas choivas caídas nesta tempada.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- En Illobre, na estrada que vai cara San Xián no primeiro cruce á dereita despois da estrada que vai cara a Susana, hai un montón de lixo, mesmo partes dun coche. Solicita que se retire.

2º.- Solicita o arranxo dalgunhas pistas que están en moi mal estado.

-- O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que lle facilite ao pleno o informe do ano 2008 do que faláron no pleno anterior respecto aos PFAS.

2º.- Pregunta cal é a proxección dos novos viñedos na zona norte do concello. Tamén solicita que avisen á veciñanza para que dean de alta os pozos dos que están a consumir a auga.

3º.- Aínda quedan aldeas sen ter cobertura de fibra óptica. Solicite que se avise aos responsables para que chegue a todo o mundo.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.